



Paraíso  
entre ríos

PADERNE OUTUBRO 2016

# INFORMACIÓN MUNICIPAL

Todos somos conscientes de que o tratamento do lixo e a reciclaxe do mesmo, son un servizo importante para o desenvolvemento da sociedade; axudan a manter mellor o entorno evitando o problema da acumulación de residuos e o deterioro do medio ambiente.

Desde o Concello, estanse a facer periodicamente campañas para seguir concienciando á xente sobre a importancia que isto ten para a nosa convivencia e tamén para disfrutar dun medio natural san.

Procuramos que tódolos núcleos teñan preto contedores suficientes para que o feito de ir a depositar o lixo non supoña un inconveniente para as persoas maiores e sexa tamén cómodo para o resto.

A pesares de todo, e do empeño que poñemos en informar sobre a importancia deste tema facéndolle chegar ós veciños información **sobre o que depositar en cada contedor e os días de recollida de mobles e enseres**, vemos que aínda non se fai ben, cando isto non require grandes cambios na nosa rutina diaria, só ser conscientes da súa importancia e de que tamén sae máis caro facelo mal que facelo ben.

Por outra banda, a degradación que produce no noso entorno todo o que tiramos é



digna de ter en conta xa que, por exemplo, un chicle tarda 5 anos en degradarse, unha bolsa de plástico entre 10 e 20, as botellas e tapóns de plástico uns 100 anos, os pañais entre 300 e 400 e unha botella de vidro uns 4.000 anos; exemplos claros da irresponsabilidade que mostramos cada vez que tiramos algo.

Estou convencido de que, sabendo todo isto, intentaremos facer as cousas ben xa que, coidar e mimar a natureza é unha obriga de todos e tamén un custe que debemos pagar polos grandes beneficios que nos aporta. Por iso vos pido que, entre todos, fagamos as cousas mellor e contribuíamos con elo a frear o cambio climático.

*O teu Alcalde*

## Aulas de Conciliación

Leváronse a cabo durante os meses de xullo e agosto beneficiándose delas un total de 11 familias e 12 nenos de entre 3 e 12 anos empadroados no Concello.

As actividades tiveron lugar no baixo da Casa Consistorial dende o 1 de xullo ata o 31 de agosto cun horario de atención ós menores flexible para as familias participantes de entre as 8:30 e as 14:30 horas.

## Día da Familia

Rematou unha nova edición do Día da Familia no Concello de Paderne o pasado 27 de agosto contando coa asistencia dun gran número de familias que se uniron para pasar unha agradable xornada disfrutando da compañía de outras moitas persoas do Concello.

Coa comida como punto central, as persoas que asistiron contaron con espazos pensados para o entretemento de todos e así pasar un agradable día.



Parte dos nenos e nenas que participaron nas Aulas co Alcalde o día da clausura



Os alcalde de Miño, Pontedeume e Paderne coas persoas que van a formar parte do mesmo

Os alcaldes de Abegondo, Betanzos, Coirós e Paderne, presentaron o pasado día 12 de setembro o Obradoiro de Emprego: “Integración social e coidado á dependencia” que inclúe dúas especialidades; unha de “Promoción e intervención socioeducativa con persoas con discapacidade” e outra de “Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais”.

## Excursión a Bilbao

Do 19 ó 23 de setembro, un grupo de persoas de Paderne acompañadas polo Alcalde, viaxaron ata o País Vasco co fin de coñecer e disfrutar da cidade de Bilbao así como dalgunhas localidades cercanas como Portugalete, Getxo, Guernika, Zumárraga, Bermeo e o Santuario de Loyola.

O regreso tamén deixou un grato recordo descubrindo a cidade de Frías coas súas casas colgantes e as salinas de Añana.

Unha excursión de gran atractivo turístico e cultural que de seguro deixará un grato recordo nas persoas que a viviron.

Foto de grupo diante do museo Guggenheim e a mascota da cidade de Bilbao



## Presentación dos obradoiros de emprego

Tamén o 30 de setembro os alcaldes de Miño, Pontedeume e Paderne presentaron o obradoiro de emprego “Sociosanitario I” que inclúe as especialidades de “Atención sociosanitaria a persoas dependentes no domicilio” e “Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais”. Cada un deles vai a dar emprego e formación a 20 persoas nestas especialidades por un período de 6 meses.

## A importancia de reciclar



### ¿Queres coidar o teu entorno, o teu Concello?

**REDUCE** ou elimina a cantidade de materiais destinados a un so uso  
**REUTILIZA** e dalle así unha vida útil ós embases e materias que usamos día a día  
**RECICLA** reducindo así a cantidade de lixo novo

### ¿Sabes ben o que se bota en cada contedor?

É moi sinxelo, so tes que fixarte nas cores:

Non se poden verter escombros de obras, vísceras das matanzas caseiras, chatarras e maleza procedente da limpeza de leiras, ribadas, céspede de xardín ou podas.

Tamén tes indicadores nos propios contedores e, desde o Concello, facemos campañas para que non esquezas a importancia de que adoptes un comportamento responsable.

Ademais, si pagas pola recollida, ¿por que non rentabilizas os teus cartos?, ¿pareceríache ben pagar máis?.... pois nas túas mans está en facelo ben; **por ti e por todos!**



### Mobeis e enseres

Debes depositalos nos puntos de recollida **os primeiros mércores de mes, está prohibido facelo calquer outro día.**

### Punto limpo

Aquí van os **residuos especiais**. Debes levar todo aquilo que, polas súas características físicas (peso/volume) non poida ir co lixo doméstico así como aqueles materiais que polas súas características químicas representen un elevado grao de toxicidade ou perigosidade. Así, os restos de uralitas, electrodomésticos, escombros ou neumáticos son exemplos de residuos que debes levar ó punto limpo ou ben concertar a súa recollida con un xestor autorizado.

### Aceite usado

Son vertidos altamente contaminantes que non poden ir polo fregadeiro. Temos contedores especiais ó carón da Casa do Concello.

### Plásticos de invernadoiros e silos

As persoas que queiran desfacerse destes residuos teñen que chamar ó Concello para o seu depósito na nave de Velouzás.

## A importancia de compostar

### A compostaxe

É outro dos procesos de xestión do lixo e supón unha medida alternativa á incineración e ás súas consecuencias sobre o efecto invernadoiro.

Por outra banda, o composto é un fertilizante que, combinado coa terra, outórgalle a esta os nutrientes necesarios para o cultivo e o desenvolvemento vexetal.

Para facelo na casa só tes que amontoar o material orgánico.

Cousas que **podemos depositar** no composteiro:



Restos de comida: froitas e verduras; casca de ovo; arroces e pasta cocida; pan. Pousos de café, té e infusións. Cinzas e serrín de madeira non tratada. Papel, cartón, xornais. Restos de poda, raíces, follas, céspede e material do xardín esmiuzados (canto máis leñoso, máis tempo tarda en compostar). Restos de colleita da horta, sen pesticidas ou fitosanitarios. Esterco de animais herbívoros. Pó e peluxe do aspirador, fibras naturais, pelos, anaquiños de teas naturais, plumas.

Cousas que **non debemos depositar** no composteiro:



Aceites vexetais e minerais. Restos de plantas enfermas ou con pesticidas, insecticidas, etc. Madeira tratada con pinturas, vernices, etc. Produtos lácteos. Peixe ou carne. Follas de piñeiro ou eucalipto. Excrementos humanos ou de animais domésticos carnívoros (cans, gatos, etc...). Medicamentos. Pañais desbotables. Papel de cor brillante, impreso con tinta de cor ou plastificado. Obxectos duros, pedras, vidro, metal, plástico, tetrabrik, baterías...

## Incendios, limpeza de fincas e de núcleos

A lexislación que trata de ordenar os usos do territorio no rural, choca con frecuencia coas prácticas que manteñen os propietarios das terras pero, polo ben de todos, é importante que a teñamos en conta evitando así problemas maiores como son os incendios forestais.

Esta lexislación específica con claridade cuestións como as “fraxas a desbrozar arredor das casas” e os emprazamentos nos que está prohibido replantar con pinos ou eucaliptos; cuestións a ter moi en conta dado que a Consellería de Medio Rural sancionará, tras un incendio, ós propietarios de terreos sen desbrozar e con repoboacións ilegais.

Segundo o borrador do Plan de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais de Galicia (Pladiga 2016), os controis que realizarán as brigadas de investigación que vai a potenciar a Consellería, vanse a centrar no seguinte:

- No control do respecto ás distancias entre vivendas ou núcleos rurais e masas forestais. A Lei de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais (Lei 3/2007) establece que os primeiros 30 metros deben estar libres de maleza e sen pinos ou eucaliptos; en tanto que entre os 30 e os 50 metros de distancia, as terras deben estar libres de maleza e as árbores ben separadas entre si.

- Sanción sobre as repoboacións ilegais; de acordo coa Lei de Montes de Galicia (Lei 7/2012). A normativa prohibe as repoboacións con pinos ou eucaliptos en terreos agrarios, así como a substitución de bosques de frondosas por eucaliptos ou pinos. Tamén establece as distancias que deben cumprir as masas forestais en relación a vías de comunicación como estradas (10 metros no casos de pinos e eucaliptos) ou pistas forestais (4 metros no caso de pinos e eucaliptos)

### **RESUMINDO: ¿A QUE DISTANCIA DAS CASAS DEBEMOS LIMPAR PARA PREVIR OS INCENDIOS SEGUNDO A LEI (Lei 3/2007)?**

**Para as casas illadas:** Desde o límite da casa ata os 10 metros non pode haber maleza nin árbores. Desde os 10 metros ata os 30 metros non pode haber maleza, pinos, eucaliptos ou especies que ardan facilmente.

Desde os 30 ós 50 metros non pode haber maleza e as árbores teñen que estar ben separadas entre si.

**Para as aldeas e vilas:** Desde o límite da aldea ata os 30 metros non pode haber maleza nin pinos, eucaliptos ou acacias. Dos 30 ós 50 metros non pode haber maleza e as árbores teñen que estar ben separadas entre si. Nas novas edificacións de uso residencial, comercial, industrial ou servizos, instalación agrogandeiras ou forestais, manterase unha distancia de seguridade de 50 metros.

**¿Quenes son os responsables da limpeza das franxas segundo a Lei?** Os propietarios, arrendatarios, usufructuarios ou titulares dos terreos.

**¿Cando debemos facer a limpeza?** Antes do 30 de xuño de cada ano.

**No caso de non limpar.** O Concello notificará o deber de comezar a limpeza antes de 15 días e, no caso de incumprimento, poderá: Ordenar os traballos de limpeza repercutindo os custes nos propietarios. Obrigar a que se facilite o acceso para o cumprimento subsidiario da limpeza. Comezar o procedemento sancionador. No caso de incendio, poderá limpar ou facer traballos preventivos nos terreos sen autorización previa.

## Presentación do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Norte

O próximo día 13 de outubro ás 20:00 horas na Casa do Concello está prevista a celebración dunha reunión informativa do Galp Golfo Ártabro Norte.

O Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro Golfo Ártabro Norte é unha entidade colaboradora da Consellería do Mar para a xestión das axudas do Fondo Marítimo e da Pesca 2014-2020 no ámbito territorial que abarca dende Narón ata Paderne.

Nesta reunión, explicarase polo miúdo quen pode acceder a estas axudas, os requisitos que hai que cumprir, a tipoloxía de proxectos que se poden presentar, a intensidade das axudas que se poden recibir, os trámites a seguir e a documentación a presentar, así como os prazos de presentación das mesmas, entre outros.

Por tal motivo, convídase a todas as persoas físicas (autónomos/empresas) e xurídicas, comunidades de bens; Confrarías de Pescadores; Asociacións do Sector Pesqueiro e as súas Federacións; Asociacións sen ánimo de lucro, Entidades Públicas Locais ou calquera que teña un proxecto e busque axuda para levalo adiante, a participar nesta reunión e que se informen de primeira man desta liña de axudas para este territorio.

## Balneoterapia

As persoas maiores de 65 anos e pensionistas maiores de 60 empadroados no Concello de Paderne poden acudir ás sesións mensuais de Balneoterapia no balneario de Guitiriz co fin de facelos partícipes dos beneficios derivados dos tratamentos termais.

As datas previstas son as seguintes: no mes de outubro será o día 26, no mes de novembro o día 30 e no mes de decembro o día 21.

As persoas interesadas poden anotarse chamando por teléfono ás oficinas municipais ata o venres anterior a cada visita.

## 25 de novembro. Xornada contra a violencia de xénero

Seguimos apoiando a campaña de sensibilización contra a violencia de xénero realizando un acto o 25 de novembro ás 20:00 h no Local Social de Viñas.

O Alcalde invita a tódalas persoas a dar testemuña, coa súa presenza, do rechazo a este grave problema que está a causar tanta dor nas familias que a sofren.

Neste acto e despois das palabras do Alcalde, contaremos coa actuación da Coral Polifónica El ECO que coas súas voces intentarán facernos pasar a todos uns agradables momentos.